

EXPOSICIÓN

Inauguración o venres 15 de outubro de 2010, ás 20.30 h,
na Sala de Exposicións “Xosé Rey Lago”
dos Muíños de Acea de Ama (O Burgo – Culleredo)

Interveñen:

Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura.
Carlos Pereira Martínez, historiador.
Lidia Carrión, pintora.

A continuación, terá lugar un pequeno concerto
polo “Lidia Carrión Jazz Trío”: Lidia Carrión, voz;
Antonio Castillo, contrabaixo, e Marcos Pin, guitarra.

Do 15 de outubro ao 6 de novembro de 2010.

Horario:

Luns a venres: de 18.00 a 21.00 h
Sábados: de 12.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h



LIDIA CARRIÓN
PINTURAS



Presentación

Outra artista emerxente residente en Culleredo, Lidia Carrión, trae as súas obras á Sala de Exposicións dos Muíños de Acea de Ama.

Con ela, continuamos na tarefa de seguir apoiando aos creadores e creadoras vinculados con Culleredo, sexa cal for o ámbito artístico no que desenvolvan o seu traballo.

Nesta ocasión, teremos oportunidade, ademais de contemplar os seus cadros, de escoitar a Lidia, na súa faceta de cantante, nun pequeno concerto nos propios Muíños, con stándars de jazz e bossa nova.

Pintura e Música, pois, nos convidan a poder compartir unha velada de emocións artísticas.

Celestino Poza Domínguez
Concelleiro de Cultura

Datos biográficos

Nacen na Coruña e 1979 e reside en Vilaboa (Culleredo). Diplomada en Restauración e Conservación de bens culturais na Escola de Restauración e Conservación de bens culturais de Pontevedra (1998-2001).

Licenciada en Belas Artes pola Facultade de Belas Artes de Pontevedra (2005-2009). Ten realizado diversos cursos de informática aplicada ás Belas Artes, de Restauración de papel na Escola de Restauración de Pontevedra (2001) e de Curso de Restauración de material negativo fotográfico no Museo de Ciencias Naturais (Madrid, 2001).

Ademais do seu labor artístico, Lidia Carrión dedícase tamén á música como cantante de jazz.

Obtivo unha beca de colaboración na coordinación, montaxe e desmontaxe de exposicións na Sala de exposicións da Facultade de Belas Artes (Pontevedra, 2009), e foi técnico de montaxe da exposición “Off-Fóra” no Pazo da Cultura (Pontevedra, 2007).

Exerceu como profesora de Pintura e Debuxo no colexio público “Obispo Guerra Santos” (Bertamiráns, Ames) (curso 2004/2005) e profesora de Pintura e Debuxo nos colexios públicos de primaria e secundaria “Outeiro das penas” de Cesantes e “Manuel Padín Truitei” Arcade (Pontevedra). Imaxina S.L. (curso 2007/2008).

Realizou prácticas de restauración de Escultura Contemporánea, montaxe e desmontaxe de exposicións no Museo de Arte contemporáneo Reina Sofía (Madrid, 2001). Foi tamén restauradora de escultura para a empresa Atlas S.L. en Ribadeo e Santiago de Compostela (2001-2002) e restauradora de Pintura mural para a empresa “Umrer S.L”.Ferrol (A Coruña, 2003).

Exposicións realizadas

Colectiva *Feito en Culleredo, II*, Sala “Rey Lago” de Culleredo (2010).

Exposición en A Fábrica, Oleiros (2010).

Colectiva alumnos pre-seleccionados para o concurso “Startpoint” (Praga).

Sala de exposicións da Escola de Restauración de Pontevedra (2009).

Exposición individual *Miradas*, A Fábrica, Oleiros (2009).

Colectiva na Sala de Arte do Concello de Pontearreas (2008).

Feiras de artesanía de Nadal. Praza do Teucro, Pontevedra (2007-2009).

Individual na sala do Restaurante Rúa Nova, Santiago (2007).

Sala de exposicións do Deportivo Ciudad, A Coruña (2002).

Colectiva traballadores do Museo Reina Sofía. Planta 0, Madrid (2001).

Colectiva alumnos da Escola de Restauración de Pontevedra (2001).

Premios

Accésit Concurso de Pintura ao aire libre “Pintor Argüelles” de Culleredo (2010).

2º premio de pintura rápida Concello de Cangas do Morrazo (2009).

1º premio interpretación no certame da canción do Landro, Viveiro (2008).

1º premio canción inédita no certame da canción do Landro, Viveiro (2006).

1º premio en Poesía. Premios Fernández del Riego, Xunta de Galicia (2002).

